



RESOLUCIÓN da Secretaría Xeral de Universidades do 28 de setembro de 2017 pola que se informa favorablemente a fase de estadía, segundo o disposto na Orde do 24 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2014 e se procede á súa convocatoria.

A orde do 24 de xullo de 2014 (DOG Núm. 147, do 5 de agosto de 2014) establece as bases polas que se rexe a concesión das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2014, en réxime de concorrencia competitiva. O anexo I desta orde regula a modalidade A destas axudas e establece no artigo 6 que as persoas contratadas polas universidades do SUG deberán realizar un mínimo de 21 meses de estadía e obter unha avaliación positiva nesta fase para poder acceder ao contrato na fase de retorno.

De acordo co Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as competencias en materia de investigación universitaria correspóndenlle á Secretaría Xeral de Universidades.

De acordo coas directrices emanadas da Instrución 1/2017, do 25 de xaneiro, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se inicia o procedemento de avaliación do rendemento na fase de estadía do persoal investigador contratado polas universidades do SUG, ao abeiro da modalidade A do programa de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral para o ano 2014, os servizos técnicos da Secretaría Xeral de Universidades avaliaron a documentación remitida polas universidades beneficiarias respecto das persoas contratadas.

Unha vez finalizado o proceso e de acordo co informe dos servizos técnicos, a Secretaría Xeral de Universidades,

RESOLVE:

1. Declarar que as persoas indicadas a continuación acadaron unha avaliación positiva da fase de estadía, conforme ao establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 24 de xullo de 2014 e coa Instrución 1/2017, o que lles posibilitaría acceder ao contrato da fase de retorno.

Nº expediente	UNIV.	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
ED481B 2014/134	UVIGO	Figueiredo	González	María	*****052N
ED481B 2014/142	UVIGO	Fuciños	González	Clara	*****878Q

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que consideren procedente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

